

- 1) Que opinión ten o Principiño sobre as persoas maiores?
- 2) Cal é, probablemente, o seu planeta?
- 3) Elix e escribe catro adxectivos que lle acaian ben á súa flor.
- 4) Cal dos personaxes que vai atopando o Principiño na súa viaxe polo universo che resultou máis atractivo? Por que?
- 5) E cal che gustou menos. Explica tamén o porqué.
- 6) Que quere dicir o Principiño cando ao referirse ao home de negocios di: *“Este razoa un pouco como o meu borracho”*
- 7) Por que o faroleiro é o único que non lle parece ridículo?
- 8) Que vende o comerciante?
- 9) Con que “personaxes” se atopa na terra?
- 10) Cal é o segredo que lle confesa o raposo?
- 11) Hai dous momentos na obra nas que o Principiño chora. Cales son?
- 12) Que relación ten o Principiño coa súa flor? Que flor é? Que pode significar?
- 13) Que razóns lle dá o raposo ao Principiño para que o domestique?
- 14) Como é o pozo que atopan no deserto?
- 15) Relaciona as palabras cun dos personaxes:

*Un nunca se sente contento onde está o eco*

*Eu, se tivese 53 minutos, camiñaría paseniño cara a unha fonte a serpe*

*Si, as estrelas fanme rir sempre o gardaagullas*

*Os homes non teñen imaxinación, repiten todo o comerciante*

*Eu pódote levar máis lonxe ca un navío o aviador*

- 16) Canto tempo pasou o Principiño na terra? Anota as indicacións temporais que aparecen no libro
- 17) O Principiño quere saber o significado dalgúñas palabras: *efémero, domesticar, rito*; escribe a súa definición e a de outras catro palabras que ti aprenderas ao leres o libro.
- 18) *Ti terás cincocentos millóns de axóuxeres e eu terei cincocentos millóns de fontes*, que significado teñen estas palabras que lle di ao aviador?
- 19) Explica o final da historia
- 20) Fai unha valoración persoal sobre o libro (mínimo dez liñas) que aprendiches coa súa lectura, que che gustou, que non, que pensas que pretende transmitir o autor, frases ou pasaxes importantes que anotarás...